

Movemento Obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)

Coa Revolución Industrial xorde o proletariado, unha nova clase social integrada polos traballadores dos sectores económicos que se empezan a desenvolver a partir do s. XIX (Industria téxtil, siderúrxica, minería...). O proletariado que posúe unicamente a súa forza de traballo, é sometido a unhas condicións de vida e laborais moi duras (intensos horarios de traballo, ritmo imposto polas máquinas, salarios baixos...). Na defensa dos seus intereses fronte ós patróns, membros da burguesía, e ó Estado, van desenvolver unhas formas de asociación, organización e mobilización propias que coñecemos como movemento obreiro.

En España, en relación coa industrialización, o movemento obreiro é minoritario e localizado nos focos de Cataluña, País Vasco, Asturias. Xunto ó proletariado industrial hai que destacar a existencia no Sur de España dun importante proletariado rural formado por xornaleiros.

Non será ata o Sexenio Democrático cando se desenvolva o movemento obreiro en España. Antes de 1868 o movemento obreiro está escasamente organizado e as súas actuacións son maioritariamente espontáneas. Atopamos experiencias semellantes ás desenvolvidas en Inglaterra, de **Ludismo**, movemento esporádico, de escasa planificación que consiste na destrución de máquinas e fábricas. (Fábrica Bonaplata en Barcelona, Fábrica Tabacos A Coruña), algunhas folgas, parciais na súa maioría (agás a Folga Xeral de 1855), unha acción semellante ó Cartismo (Petición Dereito de Asociación de traballadores en 1855) e a creación de Sociedades de Socorro.

A partir do triunfo da Gloriosa en 1868, polo proletariado industrial e agrario espallaranse as principais correntes, socialismo e anarquismo, e serán adoptadas unhas formas de mobilización semellantes ó movemento obreiro internacional.

MOVEMENTO OBREIRO NO SEXENIO (1868-1874)

RELACIÓN DO PROLETARIADO COS PARTIDOS BURGUESES

Ata a revolución de “A Gloriosa” de 1868, o proletariado colaborará nos pronunciamentos dos Partidos da burguesía, primeiro cos progresistas e logo cos demócratas, co obxecto de que estes teñan en conta as reivindicacións obreiras. Ante a decepción do traballadores pola nula resposta dos progresistas durante o Bienio (non atenden á petición dos traballadores do Dereito de Asociación) os traballadores colaborarán cos demócratas e participarán no pronunciamento de “A Gloriosa” en 1868.

O Partido Demócrata incluírá no seu programa reivindicacións do proletariado como son: **o dereito de asociación, a supresión das quintas, abolición do imposto de consumos, redución dos horarios laborais, prohibición de entrada nos talleres ós nenos ata os 9 anos ou a creación de xurados mixtos de obreiros e patróns.**

Despois do triunfo de A Gloriosa en 1868, defraudados ante a política social que desenvolverán demócratas e republicanos durante o Sexenio (detención do proceso revolucionario, permanencia das quintas, o non reparto de terras ó que aspiraban os xornaleiros....), os obreiros afastaranse dos partidos políticos burgueses e procurarán o seu propio camiño en torno á Asociación Internacional de Traballadores.

A partir de 1868 van abondar os modernos conflitos industriais levados adiante por un movemento obreiro que se vai organizando e que recorrerá ás folgas como recurso para esixir subidas salariais, a redución da xornada laboral ou a mellora das condicións de vida.



La Voz de Galicia
El motín de las cigarrerías que obligó a movilizar tropas de infantería
En 1857, trabajadores de Tabacos subieron al regado de la Catedral, rompieron máquinas y atacaron al mariscal que gobernaba y al obispo.



A Constitución de 1869. Dereitos de reunión e asociación.

A Constitución de 1869 contempla por primeira vez como dereitos inviolables os Dereitos de Reunión e Asociación. Este recoñecemento permitirá pois que en 1870 se forme a I Sección española da AIT (1ª Internacional Obreira), a **FRE**, Federación Rexional Española. A inviolabilidade destes dereitos impedirá que o goberno leve adiante a ilegalización da FRE, medida que se pretendía implantar tralos acontecementos revolucionarios da Comuna de París en 1871, pois aínda que o peso da I Internacional en España durante o Sexenio foi moi pequeno, a AIT espertou un medo atroz entre os propietarios, empresarios e as elites sociais. Para a burguesía representaba un perigo o espallamento da Asociación Internacional de Traballadores (AIT ou 1ª Internacional) pola ameaza da conflitividade social no campo e na cidade (ocupacións de terras, folgas...) e o temor de que a revolución política se converta nunha revolución social. Será a partir do golpe de Pavía de xaneiro de 1874, cando a FRE sexa ilegalizada e permaneza na clandestinidade ata 1881, ano da súa disolución. Os gobernos reprimiron duramente o asociacionismo obreiro e suspenderon con frecuencia as garantías constitucionais.

INFLUENCIA DA AIT. 1ª INTERNACIONAL.

A 1ª influencia que reciben os traballadores españoles da AIT é a do anarquismo en 1868 coa chegada a España de Fanelli, man dereita de Bakunin, quen contribuírá ó nacemento da FRE en 1870. O predominio do anarquismo nos inicios do movemento obreiro en España, ademais do labor de Fanelli ven explicado pola relación existente ata 1868 entre os traballadores e o republicanismo federal, co que comparten reivindicacións e algún principio teórico como a libre federación das unidades sociais esenciais.

En 1871, tralo fracaso da Comuna de París, chega a España Lafargue, xenro de Marx, quen espallará o pensamento socialista nun grupo reducido da FRE que será expulsado en 1872 e que constituirán a Nova Federación Madrileña, na que vai destacar a figura de Pablo Iglesias (cofundador do PSOE e da UXT).


PRINCIPIOS IDEOLÓXICOS

Anarquismo e Socialismo son as 2 principais correntes do movemento obreiro. Ambos coinciden na súa loita contra a explotación, a procura da unidade dos traballadores, o fin do Capitalismo e da propiedade privada, a creación dunha sociedade sen clases. Sen embargo os anarquistas falan da liberación da humanidade, mentres o socialismo céntrase no proletariado como clase revolucionaria. Unha das principais diferenzas é que os anarquistas rexeitan calquera actividade política, mentres os socialistas son partidarios da loita política e a creación de partidos, ben de masas ou revolucionarios.

ANARQUISMO

Aséntase en Cataluña, Levante, Andalucía e Extremadura. En Galicia é maioritario nos sindicatos de mariñeiros. En canto ós obxectivos do anarquismo destacan: a destrución do Estado, a eliminación de calquera autoridade ou poder político, relixioso, económico ou militar; o fin do Capitalismo, a supresión da propiedade privada e abolición do dereito de herdanza; o comunismo libertario, a igualdade absoluta social e económica. A sociedade anarquista basearíase na creación de comunas autoxestionadas que poden federarse entre si.

Entre os medios do anarquismo, poderíamos distinguir entre os partidarios do sindicalismo, do anarquismo colectivista, que defende a **Folga Xeral revolucionaria** como medio para acadar a anarquía. Os anarcocomunistas opóñense ó sindicalismo de masas e a calquera organización, aínda que sexa anarquista e apoian a formación de pequenos grupos orientados á violencia. Neste sentido destaca a **propaganda polos feitos**, o mellor xeito de rematar coa sociedade burguesa e capitalista é mediante o terrorismo, atentados, asasinatos...



SOCIALISMO

Aséntase en Madrid, País Vasco e Asturias. O seu obxectivo é construír unha sociedade socialista mediante **a loita de clases que é o medio máis eficaz para o cambio social**. O proletariado organizado en sindicatos e partidos liderará a revolución. Os traballadores deben conquistar o poder e utilizar o Estado para implantar a igualdade social.

Conquistado o poder, mediante a **Ditadura do Proletariado**, debe pór fin ó Capitalismo, expropiando a propiedade privada, medios financeiros e de produción que deben pasar ó Estado. Os medios de produción deben ser colectivizados e desaparecen as clases sociais.

En canto ós medios para chegar ó Socialismo, defenden actuar primordialmente pola vía pacífica, dentro da legalidade, e polo tanto promoven a participación na política e presentarse ás eleccións como medio de espallar a mensaxe marxista. En España fundarase o PSOE, 1º Partido socialista. Para os socialistas, a loita sindical centrarase en seguir unha política negociadora para acadar melloras concretas para os traballadores. O sindicato socialista en España será a UXT, cofundado tamén por Pablo Iglesias en 1888.

O MOVEMENTO OBREIRO DURANTE A RESTAURACIÓN: REPRESIÓN

O movemento obreiro tivo o seu momento álxido durante a 1ª República. Aínda que a AIT non apoiou o movemento cantonalista, unha grande parte dos traballadores apoiaron este movemento, que foi sufocado polo goberno coa intervención do exército. Durante a Restauración, o goberno conservador de Cánovas caracterizouse pola prohibición e pola represión. O propio Cánovas consideraba á Internacional como “o maior perigo que endexamais correron as sociedades humanas propagando doutrinas contra o orde e a relixión”. A meirande parte do período o movemento obreiro estará prohibido e perseguido e as súas organizacións disoltas e na clandestinidade. Os gobernos do Partido Liberal, sen embargo, foron conscientes da necesidade de reformas que beneficiaran ós traballadores. En 1887, o goberno de Sagasta restableceu a Liberdade de Asociación que permitirá a fundación da UXT en 1888.

A baixa cota de conflictividade social (agás os episodios da Man Negra e na década dos 90 os atentados anarquistas en Barcelona) moitos autores atribúena ós efectos do caciquismo e a represión que exerce o goberno sobre o proletariado (política, xurídica e militar).


EVOLUCIÓN DO ANARQUISMO

En canto á vía sindical, En 1881 créase a FTRE, organización anarquista que durou moi pouco tempo, ata 1888 e que non foi capaz de aglutinar as federacións locais anarquistas. Esta época caracterizarase pola atomización das organizacións anarquistas que se verán incapaces de crear unha estrutura unitaria para toda España ata 1910 coa aparición da CNT que se converterá na principal forza sindical ata a Guerra Civil española.

En canto á propaganda polos feitos, nos anos 80, destaca en Andalucía a Man Negra: En 1882, ano de fa e crispación social, gran axitación social que culminou en asaltos, incendios e roubos e que foi acompañada dunha forte represión polas autoridades. Nos anos 90: atentados en Barcelona, a maioría fronte á represión dos gobernos, atentado do Liceo... Un dos máis sonados foi o asasinato de Cánovas.



Grupo de fundadores de la Primera Internacional, en Madrid, en octubre de 1868. Fanelli aparece en el centro con una larga barba.



Congreso obrero de Barcelona



PABLO IGLESIAS. FUNDADOR DO PSOE E DA UXT NUN MITIN.



EVOLUCIÓN DO SOCIALISMO

En 1879 fúndase en Madrid o PSOE, Partido Socialista Obreiro Español, por Pablo Iglesias. En 1888, ano da fundación do sindicato socialista, UXT, Unión Xeral de Traballadores, concrétese o programa político do PSOE: dereito de folga, 8 horas de traballo, eliminación do traballo infantil, ensino gratuíto, servizo militar universal, nacionalización de medios de transporte, das minas...

O Socialismo espallárase por toda a Península, sendo os seus principais focos, ademais de Madrid, País Vasco e Asturias.


En canto ó labor sindical hai que destacar as Casas do Pobo, espazo de relación entre os traballadores, coas súas bibliotecas, espazos para a lectura, teatro, festas (comparables ós Ateneos Libertarios).

En 1890 celebrárase por primeira vez o 1º de maio, seguindo os ditados da II Internacional e empezou a reivindicarse a xeneralización das 8 horas de traballo diario.

Nos anos 90 espallárase o Socialismo pola **siderurxia e minería do País Vasco e Asturias** e iniciará a súa participación política nas eleccións municipais, coa elección de 4 concelleiros en Bilbao en 1901.

CONCLUSIÓN

Así como no Sexenio asístese ó espallamento da AIT (anarquismo e socialismo) en España, durante a Restauración, maila represión, clandestinidade e baixa mobilización social, o movemento obreiro conseguirá establecer as súas propias organizacións (FTRE, PSOE, UXT), as súas propias formas de loita como a folga, así como dotarase de toda unha serie de símbolos (himnos, bandeiras), lugares (Casas do Pobo, Ateneos) e celebracións propias (1 de maio) que marcarán o importante desenvolvemento que experimentará no 1º terzo do s. XX



CÁNOVAS DEL CASTILLO



ATENTADO LICEO 1893



DOCUMENTOS

(...). Alporizáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruindo todo o tabaco (...), racharon e fixeron anacos as máquinas novas (...), tirándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nos cuartos do director”.

“Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ó cidadán humilde e ó elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ó traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ó goberno, á economía política; e en fin, a tódalas entrañas da vida da humanidade. ¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!” **Medo da burguesía ó Movemento Obreiro**

Este é o socialismo que proclama a Internacional, con estas dúas afirmacións principais: en economía, o colectivismo; en política, a anarquía. O colectivismo, é dicir, a propiedade común dos instrumentos de traballo, utilización dos mesmos polas colectividades obreiras que os fagan producir directamente, e propiedade individual do froito íntegro do traballo de cada quen. A anarquía, é dicir, a abolición dos gobernos, ou sexa, a súa conversión en simples administradores dos intereses colectivos (...). Traballadores, acordádevos! Saúde e emancipación social.

CONSELLO FEDERAL DA REXIÓN ESPAÑOLA DA AIT. **Manifesto aos federados e a todos os traballadores de España.** 31-1-1872 [castelán

Por estas razóns, e en vista de que todas as leis están feitas en proveito dos seus privilexios e en contra dos nosos dereitos. Declaramos aos ricos fóra do dereito de xentes, e declaramos que para combatelos como se merecen, se é necesario, aceptamos todos os medios que mellor condúzan aofin, incluso o ferro, o fogo e aínda a calumnia. (...) É deber dos membros ensinar aos seus fillos, e en xeral aos traballadores, ter odio aos ricos e a todo o que queira dominarnos, ou queira facerse superior e queira vivir a costa do traballo dos demais.

Regulamento da sociedade de pobres, contra seus ladróns e verdugos [Man Negra]. 1882

A decapitación da burguesía, a fin da explotación do home polo home, será obtida polo Partido Socialista Obreiro no momento que, axudado dun de tantos conflitos como o réxime capitalista provoca, as súas forzas sexan bastantes para arrojar do poder á clase dominante. Dono o proletariado do poder político, valerase del, non para tiranizar a unha parte da familia obreira, como erroneamente (...) sosteñen certos elementos revolucionarios, senón para arrancar á burguesía todos os seus privilexios e monopolios e reducir aos seus individuos á categoría de simples produtores. Programa do PSOE

Art.2. A UXT propónse realizar o seu obxecto apelando á folga ben organizada e solicitando dos poderes públicos cantas leis favorezan os intereses do traballo, tales como a xornada de oito horas, fixación dun salario mínimo, igualdade de salario para os obreiros dun e outro xénero etc.

UXT. **Estatutos.** 1888